

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (MR 701D).

GDR - 01 Asociación Terras de Miranda

Convocatoria 2019-2020: solicitudes de axuda presentadas ata 31 de marzo de 2019.

Proxectos non produtivos.

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do 14 de decembro de 2018 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2019 e 2020 (DOG nº 245, do 26 de decembro de 2018).

Para o financiamento desta convocatoria para o ano 2019 está consignado un crédito de 7.791.540,11 € nas aplicacións orzamentarias de Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.05.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2020, prevese un importe de 9.908.970,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2020.

A dotación orzamentaria da Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia



2014-2020), para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR; incrementouse, con respecto á anualidade 2019 como consecuencia da ampliación de crédito que tivo lugar a través da RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019 pola que se amplía a dotación orzamentaria da citada Resolución do 14 de decembro de 2018 (DOG nº. 149 do 7 de agosto de 2019).

En concreto, e con respecto ao GDR 01 Asociación Terras de Miranda, o director xeral da Agader, emitiu o 08/08/2019 unha resolución pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas na convocatoria da medida Leader de Galicia para as anualidades 2019 e 2020, os importes máximos dispoñibles para o GDR, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables seguintes:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.019	%	2.020	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	190.247,73	73,19	303.888,25	84,00	494.135,98	79,48
	Non productivos (entidades públicas locais)	41.590,03	16,00	57.883,48	16,00	99.473,51	16,00
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	28.099,92	10,81	0,00	0,00	28.099,92	4,52
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL		259.937,70		361.771,77		621.709,47

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do artigo 17 do acordo do Consello de Dirección de Agader do 29/12/2016.
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- A proposta da Xunta directiva do GDR do 08/08/2019.
- Existe coherencia coas propostas de resolución individuais emitidas polo subdirector de Relacións cos GDRs.



Resolvo que procede publicar o resultado da convocatoria de que se trata do seguinte xeito:

1. Conceder a subvención para os proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo I) e para os proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo II); conforme cos informes do subdirector de Relacións cos GDR individualizados para cada proxecto.
2. Denegar a subvención para os proxectos sinalados no anexo III, conforme cos informes do subdirector de Relacións cos GDR individualizados para cada proxecto.
3. Establecer a lista de agarda de proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais para os cales se constata a inexistencia de fondos suficientes (anexo IV).



ANEXO I: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L19 1920 01 0111	Contrución dun centro de novas tecnoloxías en Vilapercide (Trabada)	Concello de Trabada (*)	226.992,12	90,00%	41.590,03	57.883,48	70	Alta
		TOTAL	226.992,12		41.590,03	57.883,48		

(*) 100.526,49 € sen adxudicar por falta de fondos na tipoloxía

ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 01 0113	Diversificación de actividades : Creación dunha aula multiusos, unha aula de psicomotricidade en centro de día	ASPANANE	34.833,18	80,67%	28.099,02	0,00	44,00
		TOTAL	34.833,18		28.099,02	0,00	



ANEXO III: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L19 1920 01 0127	Concello do Vicedo	1	
L18 1920 01 0096	Comunidad de Montes de Alaxe	1	
L18 1920 01 0098	Comunidad de Montes de Alaxe	1	
L19 1920 01 0118	"CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE"	3	

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións



ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L19 1920 01 0123	Rehabilitación da antiga minicentral hidroeléctrica do Río Tronceda	Concello de Mondoñedo	128.189,50	90,00%	65,00	Alta
L19 1920 01 0114	Centro de referencia forestal do Valadouro	Concello de Valadouro	107.800,00	89,56%	64,00	Alta
L18 1920 01 0078	Restauración da Fonte da Grela	Concello de Alfoz	12.668,80	89,11%	63,00	Alta
L19 1920 01 0128	Creación dun ximnasio ao aire libre, favorecendo a saúde e o benestar de toda a poboación de O Vicedo	Concello do Vicedo	48.363,80	87,78%	62,00	Alta
L18 1920 01 0077	Centro experimental para UAVs	Concello de Cervo	383.086,00	84,22%	52,00	Alta
L19 1920 01 0188	Edición de material audiovisual para a promoción turística do Xeodestino da Mariña Lucense	Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense	6.776,00	48,67%	59,00	Baixa

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 29.12.2016)
O director xeral de Agader
(Asinado electronicamente)
Miguel Ángel Pérez Dubois

